

Extracto da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, núm. 293/2021, do 28 de maio, ditada no recurso de apelación núm. 4041/2021

Do exame das actuacións procede a conclusión da conformidade a Dereito da resolución administrativa recorrida por canto a Subinspección Urbanística da APLU constatou mediante as visitas de inspección que as obras estaban destinadas a un uso residencial prohibido en solo rústico. A isto ha de engadirse, con relación aos cambios que se din executados sobre a edificación, que non eliminaron o carácter residencial, prohibido legalmente neste tipo de solo, da edificación litixiosa. Isto é así posto que observa a existencia de instalacións propias dos usos residenciais, de espaxemento ou de recreo (**antena de TV, aseo, grella, instalacións para lavado...**), solucións construtivas e materiais máis acordes co uso residencial (**acceso por escaleiras e portas peonís, ventás con climalit, persianas...**). Achéganse fotografías que evidencian o que observa a Subinspección: tipoloxía residencial, pola súa composición de planta baixa con características construtivas, con **numerosas ventás e dúas portas, polas súas características, carpintería de aluminio lacado, color vermello e con dobre vidro illante, alumeado exterior, antena de televisión, varias saídas de fume e gases, lavandería equipada con acumulador de auga quente, lavadora e lavabo, grella** para facer comida. E constatouse que a construción non se destinaba a albergar aos cabalos, nin dispoñía das condicións para iso.

E aos efectos pretendidos pola parte demandante apelada, non se pode compartir que baste coa eliminación de algúns elementos accesorios -antena de televisión ou o mobiliario da vivenda e colocando no seu interior apeiros de labranza, alpacas de palla..., porque, en xeral, séguese evidenciando que segue tendo un carácter residencial, **incluída a potencialidade como dormitorios das estancias**. Así, nas fotos apréciase no interior de unha casa, pero a modo de exemplo, por encima da lavadora, e do quentador, e do solo alicatado, meteron unhas pacas de palla seca. De forma que debe compartirse, coa parte apelante, que se aprecia como se esconden as instalacións para a visita efectuada pola Subinspección. Ademais de que se empregaron materiais como o **pavimento de gres no solo** do que supostamente alegan que é unha cuadra ou a división interior con premarcos para a instalación de portas de acceso a estancias. Isto evidencia que non é unha cuadra nin un almacén. De forma que non se discute que puidese ter un cuarto de baño en perfectas condicións, ao igual que a ducha cerrada; pero si que do exame do conxunto, e non discutindo cada un dos elementos que integra o inmovible, a conclusión é que non é unha cuadra, e que si que ten un uso residencial, que é o que resulta do exame da proba de unha forma lóxica e racional, en conxunto e non sobre a resposta que se ofrece a cada unha das solucións adoptadas. E así, a distribución interior non parece a máis adecuada para albergar animais, e os accesos exteriores se presentan máis propios para persoas

que para cabalos, no sentido apreciado na resolución administrativa obxecto de recurso.
E iso aínda que o día da visita se virán dous cabalos.